

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FENE E A S.C.R.D AGARIMO, PARA "AS LAVANDEIRAS DE SILLOBRE"

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Alejandra Permuy Meizoso, DNI nº....., alcaldesa do Concello de Fene, en nome e representación do concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1 b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Eva M^a Fraga Pérez, DNI nº, en nome e representación da S.C.R.D AGARIMO, con CIF G15226798.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Fene, logo da aprobación definitiva do orzamento xeral 2025 así como da relación nominal de subvencións nominativas, preveu unha subvención nominativa á entidade ASOCIACIÓN AGARIMO por importe máximo de TRES MIL EUROS #3.000 €# con cargo á aplicación orzamentaria 432.48900.

SEGUNDO.- O procedemento de concesión da subvención foi iniciado a instancia do Concello. A entidade acompaña xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a. Acreditación da personalidade do seu representante.
- b. Acreditación da representación que ostenta o perceptor da subvención
- c. Obra en poder do concello acreditación da personalidade do beneficiario mediante a súa inscrición no Rexistro de Entidades.
- d. Obra en poder do Concello o NIF da entidade e a acreditación da representación.
- e. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- f. Declaración responsable de ter solicitadas/concedidas ou non outras subvencións para a mesma finalidade ou conceptos para os que se solicita a subvención, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados. No caso de ter concedidas subvencións, indicación da súa contía e ente concedente.
- g. Declaracións responsables de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene, e coa Seguridade Social.
- h. Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións (art. 10.2 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- i. Obra en poder do concello certificación dos datos bancarios da entidade.

TERCEIRO.- Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que esixe para que as disposicións de diñeiro realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Finalmente, e co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas, ámbalas partes acordan establecer o presente convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FUNDAMENTO LEGAL

O presente convenio rexeráse polo disposto na Lei 38/2006, de 26 de novembro, Xeral de Subvencións e Regulamento de desenvolvemento; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local; Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común; Lei 47/2003, Xeneral Orzamentaria; RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; RD 500/90, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 38/88, de 28 de decembro, o Orzamento xeral de 2025 (BOP nº 94 do 20.05.2025) e demais normativa que resulte de aplicación.

SEGUNDA. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Fene destina a cantidade máxima de #3.000 €# con cargo á partida 432.48900 do orzamento xeral de 2025. Dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos de AS LAVANDEIRAS DE SILLOBRE que se especifican na memoria e no orzamento de gastos que presenta a entidade con RXE núm. 999-1898, do 30.06.2025.

TERCEIRA. OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten por obxecto facultar á ASOCIACIÓN AGARIMO para organizar e desenvolver as actividades de AS LAVANDEIRAS DE SILLOBRE.

O período de vixencia do presente convenio abrangue do 1 de xaneiro ao 10 de decembro de 2025.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Serán subvencionables todos os gastos correntes derivados da organización da actividade subvencionada consignados no orzamento de ingresos e gastos relacionados na solicitude de subvención até un máximo de #3.000 €# e que se realizaran durante do 1 de xaneiro ao 10 de decembro de 2025.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- b. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- c. Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- d. Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), co Concello de Fene, e coa Seguridade Social.
- e. Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.

En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

Son obrigas do beneficiario:

- a. Levar a cabo as actividades que se establecen na memoria presentada ao efecto da obtención desta subvención.
- b. Lucir o logotipo do Concello de Fene e facer constar a cooperación do concello en todas as actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- c. A ASOCIACIÓN AGARIMO asume as obrigas derivadas da xestión e organización das actividades para AS LAVANDEIRAS DE SILLOBRE.
- d. Cumprir coas obrigas que veñen impostas pola normativa reguladora das subvencións públicas.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa.

O prazo de xustificación finalizará, en todo caso, ás 14:00 horas do 11 de decembro de 2025.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- a. Memoria explicativa e detallada das actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.
- b. Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- c. Declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
- d. Relación clasificada dos gastos realizados en cada período subvencionable asinada polo/a Secretario/a da entidade co visto e prace da presidencia e con identificación dos acredores (nome e apelidos e NIF), conceptos de gasto dos documentos (número de factura ou documento equivalente) así como importe, data de emisión e data de pagamento e desviación acaecida respecto do orzamento inicial. Para os gastos de persoal indicarse para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.
- e. Orixinal ou fotocopia cotexada das facturas representativas dos gastos realizados. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- f. No caso de que a realización das actividades obxecto da subvención xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nómina, factura ou documento equivalente (orixinais ou fotocopias cotexadas).
- g. Deberá estenderse no orixinal da nómina, factura ou documento equivalente ou substitutivo unha dilixencia na que se faga constar que a nómina, factura ou documento equivalente ou substitutivo utilizouse como xustificante de gasto para a xustificación deste convenio, con

indicación no seu caso, da porcentaxe a aplicar. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

- h. Xustificantes de pagamento dos gastos mediante extractos ou certificacións bancarias nos que conste o nome da actividade, o beneficiario, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente, no caso de que o pagamento se efectuase en metálico (forma de pago non admitida para os gastos de importe superior a 100 euros) achegarase declaración xurada do tesoureiro da entidade sobre este extremo na que se recollerá unha relación dos pagos efectuados en metálico sinalando: número de factura, concepto, importe e data de pago.
- i. Declaracións responsables/certificacións vixentes de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma), e en concreto, co Concello de Fene, e coa Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- j. Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer consta a colaboración do Concello de Fene en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, vídeos, CD's, etc) ou, no seu defecto, declaración responsable acreditando que se fixo constar esta colaboración.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no mesmo prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que implicará a perda do dereito de cobro da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante Resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla neste convenio.

NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

DÉCIMA. CONTROL FINANCIERO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E SANCIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigos 29 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións estarase ao disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA. NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA. INTERPRETACIÓN

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Fene, e o orzamento xeral de 2025.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados na sinatura.

Fene, 17 de outubro de 2025

A alcaldesa

A persoa representante da entidade beneficiaria.